

Vinte historias de **AMOR...**

14 de

FEBREIRO



George Sand e Frédéric Chopin

Oscar Wilde e Lord Alfred Douglas

Cleopatra e Marco Antonio

Safo e Anactoria

Fermina Daza e Florentino Ariza

Aquiles e Patroclo

Adriano e Antínoo

Anna Karenina e o conde Vronski

Os amantes de Teruel

Marcela Gracia e Elisa Sánchez

Alexandre Magno e Hefestión

Mumtaz Mahal e Sha Jahan

Romeo e Julieta

**Cal é a historia
que más che gustou ?**

Francesca da Rímini e Paolo Malatesta

Margarita Gautier e Armando Duval

Iztaccíhuatl e Popocatépetl

Tristán e Isolda

Píramo e Tisbe

Dafnis e Cloe

Inés de Castro e Pedro de Portugal

Gertrud Stein e Picasso

Virginia Wolf e Vita Sackville-West

Os amantes mariposa

Eros e Psique

Abelardo e Eloísa

Cyrano de Bergerac e Roxana

14 DE FEBREIRO



SAFO ANACTORIA



Safo foi unha poetisa grega nada en Lesbos no s.VII a.C.. Foi unha autora recoñecida en vida e Platón considerouna a "Décima Musa". Safo explora todos os aspectos do amor: os celos, os reproches, a pena de amor que debilita o corpo, a visión do amor como unha guerra na que hai que buscar aliados. Gran parte das actividades de Safo discorren dentro dun pequeno círculo no que se ocupa de dar unha educación refinada a mozas que están a


piques de integrarse na vida adulta a través do matrimonio. Dentro deste pequeno círculo xorden moitas veces sentimentos e vínculos de unión moi fortes entre mestra e alumnas que poden ir máis aló da simple amizade. Así Safo fálanos de Dica, Dórica, Atis e de Anactoria da cal di que "preferiría ver o seu andar amable e o brillo chispeante da súa cara que un tren de carros lidiós o unha hueste de infantes coas súas armas".



14 DE FEBREIRO



ADRIANO ANTÍNOO



A historia de amor entre o emperador Adriano e Antínoo transcendeu o seu tempo polos terribles efectos que provocou a morte deste no emperador. Tras o afogamento de Antínoo no Nilo, Adriano erixiu estatuas e instituíu xogos e festas na súa honra nas dúas beiras do Mediterráneo, acuñou moedas de curso legal coa súa efaxie, levantou un mausoleo para honralo, chegou a fundar unha cidade, Antinoópolis, no

lugar no que atopou a morte o seu amante a quem tamén conseguiu divinizar. Adriano quedou enfeitizado pola beleza do mozo esclavo nado en Bitinia que o ía acompañar desde o seu primeiro encontro ata a súa morte. A relación entre Adriano e Antínoo enténdese dentro da tradición da pederastia grega na que se establece unha relación entre un maduro erastés, o mentor, e o seu mozo erómenos.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



MARCELA GRACIA ELISA SÁNCHEZ



Elisa e Marcela namoráronse e casaron en 1901 e pola igrexa. Coñecéronse de adolescentes na Coruña pero os pais de Marcela non aprobaran esta relación e enviárona a Madrid. Reencontráronse cando terminaron os seus estudos, xa que as destinaron como mestras a dúas aldeas veciñas: Elisa, a Calo; Marcela, a

Dumbría. Durante dous anos e cada noite, Elisa percorría a pé os 12 quilómetros que separaban ambos os pobos. Cansas da clandestinidade, ocorréuselles unha forma de oficializar a súa situación: Elisa pasou a ser Mario. Recortou a súa melena, cambiou as saias por pantalóns e mesmo se inventou unha infancia en


Londres e un pai ateo que non quixo bautizalo de neno. Con todo, pronto se descubriu o engano e foron perseguidas polas institucións, que alentaron un escarnio público. A súa situación obrigou á parella a exiliarse a Portugal primeiro, e Arxentina despois.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



ALEXANDRE MAGNO HEFESTIÓN



O gran amor de Alexandre Magno, o creador do Imperio Macedonio, foi Hefestión. Ambos criáronse xuntos e xuntos acometeron a conquista dun gran imperio. Porén esta relación parece que tivo un carácter máis sentimental que sexual polo que Alexandre sentiu derrubarse o seu mundo tras a morte do seu compaño.

Hefestión morre no 324 a.C. probablemente envenenado durante uns


xogos celebrados na corte persa. Alejandro volvouse tolo coa dor. Fontes clásicas dínnos que se lanzou sobre o corpo do seu amante e se mantivo aí todo o día derramando bágoas. Ademais fixose afeitar a cabeza e ordenou afeitar tamén as crines dos cabalos do seu exército. Tamén cancelou todas as actividades programadas baixo o seu reino e impuxo un loito oficial.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



CLEOPATRA MARCO ANTONIO



Poucas historias de amor houbo tan complexas e tráxicas como a de Marco Antonio e Cleopatra. Foron 13 anos de relación e tres fillos nados froito da súa unión, alternando períodos de total entrega con outros de separación absoluta, pero fose como fose, Marco Antonio sempre volvía aos brazos de Cleopatra. No ano 31 a. C. as forzas de Marco Antonio e Cleopatra foron derrotadas polas de Octavio na batalla de

Actium selando así o tráxico destino de ambos. Asediado polas tropas de Octavio en Alexandria, Marco Antonio recibe a falsa noticia de que a Raíña de Exipto morrera e crávase a súa propia espada. Cando a noticia chega a Cleopatra e coñecedora dos plans de Octavio de exhibila como prisioneira para a súa humillación pública, esta tamén decide terminar coa súa vida co veneno dunha serpe.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



MUMTAZ MAHAL SHA JAHAN




Sha Jahan coñeceuna nun bazar e dise que foi amor a primeira vista e que quedou atónito pola beleza da entón princesa Arjumand.

Unha vez casados, a princesa Arjumand pasou a ser coñecida como Mumtaz Mahal, "A elixida do palacio" e pasaron anos de dicha e gloria para os namorados. Durante

o parto do seu décimo cuarto fillo, Mumtaz Mahal, faleceu. O seu esposo sostiña a súa man e escotou con atención as súas últimas peticións en vida: que construíse a súa tumba, que casase outra vez, que fose bo cos seus fillos e que a visitase cada ano no aniversario da súa morte. Dise que o emperador se sumiu nunha tristeza de tal

magnitude que se encerrou nas súas aposentos durante oito días, sen comer nin beber. Ao noveno día, o emperador Sha Jahan saíu e ordenou que se cumprise o loito en todo o reino, prohibindo incluso os sorrisos entre os súbditos. O emperador non saíu do palacio ata un ano despois, e mandou construir o Taj Mahal



14 DE FEBREIRO



OSCAR WILDE LORD ALFRED DOUGLAS



Trátase dunha das historias homosexuais más coñecidas. A relación entre o famoso escritor con Lord Alfred Douglas foi un dos maiores escándalos sociais da época. Foi precisamente este amor o que levou a Wilde a prisión, xa que en Inglaterra as

relacións homosexuais foron consideradas delito penal ata 1967, Wilde, casado e con dous fillos, foi xulgado e condenado en 1895 por indecencia e sodomía.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



FERMINA DAZA FLORENTINO ARIZA



García Márquez traza a historia dun amor que non foi correspondido por medio século. Aínda que nunca parece estar propiamente contido, o amor flúe a través da novela de mil maneiras: alegre, melancólico, enriquecedor, sempre sorprendente. Ao final do funeral do seu esposo, mentres Fermina está a pechar a porta

da súa casa ve a Florentino Ariza, un espírito do pasado que agora arrastra consigo a promesa dun amor que el profesou, e así nun momento de inspiración reitéralle a súa promesa de amor que cumpliu durante cincuenta e un anos, nove meses e catro días. Fermina Daza comeza a ser atosigada pola pantasma dun amor xuvenil que non parou e desde este


punto Gabriel García Márquez cóntanos unha historia de amor entrañable que ha de perdurar no tempo.



GABRIEL GARCÍA
MÁRQUEZ
EL AMOR EN LOS TIEMPOS
DEL CÓLERA

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



AQUILES PATROCLO



Aquiles, o máis grande heroe da Guerra de Troia, mantivo unha relación amorosa estable con Patroclo. Aínda que Homero non deixa en ningún momento claro que a relación entre ambos varóns teña ese carácter, fontes posteriores, sobre todo na época clásica, así a entenden. A dor desmesurada que experimenta Aquiles tras a morte de Patroclo, o seu

ILÍADA
HOMERO

desconsolo que leva á súa nai Tetis a tentar paliar ese sufrimento cun maravilloso escudo forxado por Hefesto evidencian que Aquiles e Patroclo eran amantes. A relación entre Aquiles e Patroclo é a que se dá entre un varón de certa idade e posición social que toma baixo a súa influencia a un mozo a quen introduce nos usos sociais, no mundo cultural e político do momento e, normalmente, na vida sexual.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



ANNA KARENINA

CONDE ALEKSÉI VRONSKI



Ana Karenina é unha muller casada cun alto funcionario que se namora dun mozo militar e decide deixalo todo por el. A vida de Ana cada vez complícase máis, a sociedade desprézaa e o seu

marido, con quem ten un fillo, tampouco quere darrlle o divorcio. Isto fai que os problemas invadan a súa relación con Vronski. Aos poucos, a protagonista sente medos e inseguridades, e tampouco se fía da lealdade de Vronski. Un día, tras unha discusión con Vronski, a

protagonista resolve que a única solución para terminar cos seus problemas é suicidarse. Así, Ana láñzase ás vías do tren pedindo o perdón de Deus.



14 DE FEBREIRO



IZTACCÍHUATL POPOCATÉPETL



Iztaccíhuatl, era unha bela princesa Tlaxcalteca e Popocatépetl, un dos máis grandes guerreiros do seu pobo. Ambos se namoraron e antes de que xurdise a guerra contra os aztecas, Popocatépetl pediu a man da súa amada Iztaccíhuatl antes de partir, e o seu desexo concedeuse. Esperaba casar logo do seu regreso.

Así, o guerreiro foise á batalla, pero un inimigo díolle a Iztaccíhuatl que Popocatépetl morrera, o cal era unha mentira. A noticia entristeceu tanto á princesa que perdeu a vida. Pouco tempo despues, Popocatépetl regresou vitorioso e feliz para casar con Iztaccíhuatl, pero levou unha sorpresa ao ver que a súa amada finara. No seu duelo, Popocatépetl ordenou honrar o seu amor


creando unha enorme montaña como tumba. Na cima da montaña, o guerreiro deitou á súa amada, bicouna e a deixou aí para vela máis preto do ceo. El quedou ao seu lado eternamente ata perder a vida e foi entón como se converteu no 'cerro que humea', chamado Popocatépetl. Desde entón, ambas as montañas permanecen xuntas. Unha fronte a outra en recordo do seu amor.



14 DE FEBREIRO



OS AMANTES DE TERUEL



A historia de amor de Isabel de Segura e Diego de Marcilla, os Amantes de Teruel, remóntase ao século XIII. El non tiña dereitos de herdanza, mentres que ela era filla única dunha das casas más ricas da cidade. Baixo estas condicións, o seu amor só podía culminar se o mozo era capaz de lograr as riquezas suficientes para satisfacer as demandas da familia de Isabel. Así, o pai de Isabel concedeuelle a Diego un prazo de


cinco anos para tal fin, e este uniuse como soldado de fortuna ás tropas cristiás coa promesa de volver rico. Mientras, Isabel agardaba en Teruel, rexeitando propostas de matrimonio de moitos dos nobres da cidade. Pasado o prazo dado, e sen noticias de Diego, Isabel contraeu matrimonio, sen saber que Diego chegaría ao día seguinte á cidade repleto de riquezas. Ao saber que a súa amada xa fora desposada por outro, Diego tan só atreveuse a entrar nos aposentos dos recentemente casados para pedirlle á súa amada un primeiro



e último bico. Ela negoulo, dada a súa condición de muller casada, e el, ante tal desprezo, caeu morto. Ao día seguinte, nos funerais de Diego e consciente da súa desgraza, Isabel achegouse ao corpo sen vida do seu amado e, como reza a tradición, "concedeulle en morte o bico que lle negara en vida" para, inmediatamente, morrer á beira do seu amor.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



TRISTÁN ISOLDA

Tristán e Isolda
Ópera en tres actos
de
Richard Wagner

Tristán secuestra a Isolda, princesa irlandesa, e lévaa no seu barco para que case co seu señor, o rei Marco de Cornualles. Isolda, xa no barco, planea a súa vinganza: dar de beber ao seu captador un veleno letal para acabar el. Isolda faille beber a poción, pero antes de que termine,

arrepentida, termina de bebela ela mesma. Pero non era veneno o que tiñan bebido, senón unha poción de amor. Xa no castelo do rei Marco os amantes reúnense, declaráranse mutua paixón e deciden verse cada noite. Unha mañá son descubertos no leito polo rei Marco, e Tristán remata ferido de morte. Pero non

morre e é levado a outro castelo afastado. Días despois a irlandesa acode a ese castelo e Tristán ao vela, arríncase as vendaxes nun rapto de desexo e morre cando Isolda preséntase ao seu lado. Nese momento chegan tamén o rei Marco, o cabaleiro Make e a serventa de Isolda, que deberon de seguir os pasos da

princesa. Ao entrar no castelo atopan a Isolda chorando sobre o cadáver de Tristán. A serventa confesa que fora ela a que cambiou a poción da súa señora ao saber o vengativo plan que tiña. Tras a confesión, Isolda, reincorpórase... mira a Tristán e morre de amor.



Bibliotecas
escolares
de Galicia


14 DE FEBREIRO



MARGARITA GAUTIER ARMANDO DUVAL



A Dama das Camelias é a historia de amor de Margarita Gautier e Armando Duval. Trátase do amor que nace entre unha prostituta (Margarita) e un mozo aristocrático (Armando). Os obstáculos e dificultades da relación, marcados sobre todo por



prexuízos sociais e clasistas, non son un impedimento para que ambos loiten polo seu amor.

Para evitar ser branco de críticas e do rexeitamento de amigos e familiares, retiráñase da vida mundana de París e deciden refuxiarse no campo para gozar



de cinco meses de amor idílico. O pai de Armando sabe que o seu fillo é feliz, pero os convencionalismos sociais impónense e o rexeitamento á condición moral da cortesá empezaba a facerse extensivo á familia Duval. O pai ínstaa a deixalo facéndolle ver as diferenzas sociais e morais que existen entre



ambos. Margarita entón deixa a casa de campo e retorna París onde acepta a protección do conde de Varville, e convértense en amantes. Armando déixaa e tempo despois decátase de que ela xa morrera en París

Bibliotecas escolares de Galicia

14 DE FEBREIRO



JULIETA CAPULETO ROMEO MONTESCO

WILLIAM SHAKESPEARE
**ROMEO
Y JULIETA**



Na cidade de Verona existen dúas familias rivais que manteñen un rancor antigo. Os dous únicos descendentes de cada familia Romeo e Julieta coñécense nunha reunión e namóranse perdidamente. Os amantes vense ás agachadas a segunda vez, e á terceira vez casan

en segredo grazas a Frei Lorenzo. Tras unha pelexa, con mortos por ambos os bandos, o príncipe de Verona ordena que Romeo abandone a cidade. Mentre, Julieta está obrigada a casar cun home ao que non quere, pero recibe a axuda de Frei Lorenzo: o fraude recoméndalle que se tome unha

apócema que lle axudará a finxir a súa morte. Deste xeito, poderá evitar casar con alguém a quem non quere e, cando esperte, Romeo virá a por ela para escapar xuntos e vivir plenamente o seu amor. Pero Romeo recibe a notícia de que Julieta morrera e volve rapidamente a Verona.



No panteón, xunto á suposta morta, bebe un veneno que o mata ao instante. Nese momento, Julieta empeza a espertar do seu soño e, en canto ve que o seu amado está morto ao seu lado, colle unha espada e remata coa súa vida.



14 DE FEBREIRO



GEORGE SAND FRÉDÉRICK CHOPIN



O gran amor de Chopin, xunto á que pasa case unha década, foi a escritora francesa Amantine Aurore Lucile Dupin, baronesa de Dudevant. Destacada escritora e xornalista, asina todas as súas obras baixo o pseudónimo de George Sand. George Sand foi unha revolucionaria, unha muller adiantada ao seu tempo que se

relacionou co máis selecto da vida social e intelectual europea. Divorciada do barón de Dudevant, instálase cos seus dous fillos xunto a Chopin en París. Sobre o inverno que pasa xunto ao compositor en Mallorca, escribe "Un inverno en Mallorca". Mentre durou o seu amor George Sand coidou de Chopin, enfermo de



tuberculoze, varios anos. En 1847 a parella sepárase e dous anos máis tarde o compositor morre sen acabar unha Mazurka que segundo dicía "tiña que quitar do seu corazón magoado"

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



FRANCESCA DA RÍMINI PAOLO MALATESTA



Francesca era unha nobre italiana da segunda metade do século XIII. Cando aínda era unha nena, arranxouse o seu matrimonio por intereses políticos con Giovanni Malatesta. Francesca namórase do seu cuñado, Paolo; o amor entre eles desenvólvese cando ambos empezan a ler o mesmo libro (o

Galeotto, sobre os amores entre Lancelot e Xenebra). Os encontros velados sucedérонse ata que un día chegou a fatalidade, e xacendo na cama son descubertos por Giovanni, que de inmediato, e coa súa espada, dun só golpe, atravésaos no leito. O acontecemento foi tan escandaloso que Dante incluíuno na súa

Divina Comedia, composta ao redor do ano 1300, o cal significa que, máis de quince anos despois da tragedia de Francesca e de Paolo, o tema ainda espertaba paixóns, e a historia dos dous amantes fixose inmortal no canto V do Inferno de Dante.



14 DE FEBREIRO



EROS PSIQUE



Psique era a menor e más fermosa de tres irmás, fillas dun rei de Anatolia. Afrodita, celosa da súa beleza, enviou ao seu fillo Eros (Cupido) para que lle lanzase unha frecha que a faría namorarse do home más horrible e ruin que atopase. Con todo, Eros namourouse dela e levouna ata o seu palacio onde viviron o seu amor aínda que Eros presentábase sempre de noite, na escuridade.

Unha noite, Psique pediulle ver ás súas irmás e cando se atoparon, estas convencérona para que en metade da noite acendese unha lámpada e observase ao seu amado, asegurándolle que só un monstro querería ocultar a súa verdadeira apariencia. Unha pinga de aceite fervendo caeu sobre a cara de Eros que espertou e abandonou, decepcionado, a Psique.

Cando ela dáse conta do que fixo, roga a Afrodita que lle devolva o amor de Eros, pero a deusa, rencorosa, ordénalle realizar catro tarefas, case imposibles para un mortal pois tiña que baixar ao inframundo e pedir a Perséfone un pouco da súa beleza que Psique gardaría nunha caixa. Psique abandonou o inframundo e decidiu abrir a caixa e tomar un pouco da beleza para si mesma, pensando que así



Eros amaríaa con toda seguridad. Dentro estaba un «soño estigio» que a sorprendeou. Eros, que a perdoaba, voou ata o seu corpo e limpou o soño dos seus ollos, suplicando entón a Zeus e Afrodita o seu permiso para casar con Psique. Estes accederon e Zeus fixo inmortal a Psique



14 DE FEBREIRO



ROXANA CYRANO DE BERGERAC



Cyrano de Bergerac é un nobre francés que está adicado á súa carreira militar pero con unha alma sensible e inclinada á poesía, demostrando ter un gran talento para esta. Está namorado desde hai moi tempo da súa curmá Roxana, a cal é musa e inspiración dos seus poemas. Con todo, Cyrano



ten un pequeno defecto que el considera que o fai indigno de calquera muller e moito más dunha muller de gran beleza como Roxana: o seu gran nariz. Cyrano sente admiración por Roxana e de feito el a ama de maneira sincera pero a súa baixa autoestima e o complexo que sente polo seu nariz fanlle crer que Roxana nunca o aceptaría polo seu aspecto físico. Por iso, no canto de declarar os seus sentimentos prefire axudar

a Christian, un home guapo pero non moi enxeñoso, a gañarse o amor de Roxana e deixar que ela sexa más ben a súa musa nas súas cartas. Ao final da obra Cyrano ten a oportunidade de dicirlle a Roxana o moito que a ama, áinda que os dous non poidan estar xuntos.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



14 DE FEBREIRO



OS AMANTES BOLBORETA



Fai moito tempo viviu unha moza na cidade chinesa de Hangzhou cuxo nome era **Zhu Yingtai**, a cal comprendeu que a única forma na que podería estudar era facerse pasar por home. Ningún se decatou , nin sequera un mozo que chegou a ser moi especial para ela, **Liang Shanbo**. Cando terminaron os seus estudos chegou o momento de despedirse. A moza Zhu, ante o temor de non volver velo, ofreceulle á súa irmá en matrimonio para que entrase na familia.




Zhu non tiña irmás, só quería que Liang soubese que era unha muller e que estaba namorada del. No camiño a casa Liang tamén comprendeu que estaba namorado. Pero resultou que os pais de Zhu tiñan concertado un matrimonio para a moza. Nada se podía facer por evitarlo. Liang sumiuse nunha profunda tristeza que o levou ata a morte. Entón Zhu perdeu as ganas de vivir, aínda seguiu adiante co que para ela planificaran. Chegou o día da voda e Zhu camiñou en compañía do cortexo nupcial. Contan que

nun punto do camiño levantouse de súpeto un forte vento que non a deixaba avanzar cara adiante. Descubriu entón a tumba do seu namorado, aquel que morrera de pena por non poder estar con ela. Contan que entón a tumba abriuse e Zhu entrou nela á vez que dúas preciosas bolboretas de vivas cores saíran dela. Eran as súas dúas almas que por fin eran libres para estar xuntas por toda a eternidade.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



ABELARDO ELOÍSA

convertese nunha fermosa e desdichada historia de amor

Abelardo namorouse dela perdidamente, así que aproveitou a súa gran reputación como profesor para ofrecerlle a Fulberto dar clases á súa sobriña. Abelardo e Eloísa, convivindo baixo o mesmo teito, non tardaron en comezar unha relación amorosa completamente secreta. Isto último era moi importunate xa que, na Francia do século XII, a docencia só estaba destinada a aqueles que gardasen celibato. Tras varios apaixonados encontros secretos, Eloísa descubriu que estaba embarazada e casaron en

segredo. Pero o seu tío, para limpar o nome da familia divulgou a noticia e mandou cortar os xenitais de Abelardo. Tras esta desapiadada vinganza, tanto Eloísa como Abelardo decidiron tomar os votos. Ambos dedicaron o resto da súa vida a amar a Deus. E aínda que só volveron verse unha vez máis, nunca deixaron de amarse en segredo e de enviarse esas famosas cartas que hoxe en día manteñen vivo o seu amor.

Finalmente, Abelardo morreu de febres na abadía de San Marcelo, en 1142. Eloísa faríao 21 anos máis tarde, non sen antes



ordenar que o seu corpo fose soterrado xunto ao do seu esposo.

Conta a lenda que, cando se abriu a tumba de Abelardo para depositar o corpo de Eloísa, el estendeu os seus brazos para recibir á súa amada cun romántico abrazo.

Abelardo e Eloísa foron unha parella de namorados que deu renda solta á paixón na Francia do século XII. Grazas ás cartas que ambos se enviaron ao longo da súa vida, e que son un referente literario medieval, sabemos que comenzaron a súa romántica historia de forma moi apaixonada e excitante. Aínda que todo cambiou cando se fixo público o seu amor. Foi entón cando a súa relación colleu as tinguiduras dramáticas necesarias para que se

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



GERTRUDE STEIN ALICE B. TOKLAS




Gertrude Stein foi unha escritora estadounidense de novela, poesía e teatro. É considerada unha pionera da literatura modernista e foi moi coñecida como unha importante colecciónista de arte moderno. A casa de Stein foi moi frecuentada por escritores, artistas e pintores de vanguarda entre os que se atopaban F. Scott Fitzgerald,



Hemingway, Ezra Pound, Matisse ou Picasso. Como escritora fixose famosa polos seus experimentos lingüísticos. Moitas das obras experimentais foron interpretadas pola crítica como unha reelaboración feminista da linguaxe patriarcal. Alice Babette Toklas foi a parella, compañeira e confidente de Gertrude Stein. Mantívose á sombra

dela ata que Gertrude publicou *A autobiografía de Alice B. Toklas* que se convertiría no seu maior éxito de ventas. Ambas mulleres pasaron o resto das súas vidas xuntas ata a morte da escritora. En 1963 Alice publicou a súa autobiografía, *O que se lembra*, que non vai máis alá da morte de Gertrude Stein o que nos dá idea de que esta fora o amor da súa vida.



Bibliotecas escolares de Galicia

14 DE FEBREIRO



VIRGINIA WOOLF VITA SACKVILLE-WEST



Virginia Stephen, más coñecida como Virginia Woolf, foi unha escritora británica, autora de novelas, contos e obras teatrais. É considerada unha das máis destacadas figuras do vanguardista modernismo

anglosaxón do século XX e do feminismo internacional. Formou parte do Grupo de Bloomsbury, unha heteroxénea elite cultural que buscaba o coñecemento e o placer estético e amosaba un anticonformismo político e moral co que lle rodeaba. No ano 1925 coñece á escritora Vita Sackville-West, coa que mantivo unha relación amorosa a

pesar de que ambas mulleres estaban casadas. A súa amizade continuou despois da súa ruptura amorosa durante o resto das súas vidas. Woolf atopou unha musa literaria en Sackville-West, ata o punto de que foi a súa inspiración para a novela *Orlando* que supuxo un novo avance no seu estilo e que lle reportou grandes eloxios da crítica.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



INÉS DE CASTRO PEDRO DE PORTUGAL

Inés de Castro era filla de Pedro Fernández de Castro, Señor de Monforte. No ano 1339 chega a Portugal para servir como dama de compañía a Constanza de Castela, curmá súa e futura esposa de Pedro I de Portugal. O rei namórase de Inés a pesar de estar casado con Constanza.

En 1344, Alfonso IV, pai de Pedro, tenta afastar aos amantes e envía a Inés a Alburquerque, Badajoz, o que non logra que o amor da parella esmoreza.


Cando morre Constanza, cinco anos máis tarde, tras dar a luz á súa filla María, Pedro manda chamar a Inés e instálanse en Coimbra. A parella ten catro fillos e en 1351

solicitan ao Papa a dispensa para casarse, xa que eran curmáns. A Corte Papal rexitaría a petición. O Rei Alfonso, temendo que Inés chegara a reinar, decreta a sua execución aproveitando a ausencia do seu fillo.

A vinganza de Pedro foi terrible e despois de completala proclama válido o seu matrimonio segredo e coroa a Inés raíña de Portugal. O que sucede despois é unha mestura de realidade e lenda: Pedro exhuma o cadáver de Inés e trasládalo a Coimbra, ao Monasterio de Alcobaça, para coroala como merecía. Séntaa no trono, engalánaa coas vestiduras reais e obriga, baixo pena de morte, a todos os

nobres e cortesáns a que lle rendan as honras debidas bicando súa man momificada.

Pedro e Inés enterráronse un fronte ao outro. O rei quería que, chegado o día da resurrección, o primeiro que viran ambos corpos ao levantarse fora o rostro do seu ser amado.




Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO



PÍRAMO TISBE



Píramo e Tisbe creceran xuntos en Babilonia en casas adxacente. Comunicábanse a través dun burato na parede o que lles permitía vivir en segredo unha relación amorosa prohibida polos seus pais. Unha noite decidiron saír e reunirse ás

agachadas xunto a unha moreira ás aforas da cidade. Primeiro chegou Tisbe que quedou arrepiada ao ver chegar unha leona co fousciño cuberto de sangue despois de ter devorado un boi. A moza fuxiu aterrada e na súa fuxida perdeu o veo que a cubría para pasar desapercibida. Cando chegou Píramo e viu o veo ensanguentado e as pegadas da leona creeu morrer de dor

pensando que era o sangue de Tisbe. O mozo non pudo soportar pensar que Tisbe fora devorada e cravouse a súa propia espada xunto á moreira. O sangue asolagou o solo e as raíces da moreira cuxos froitos volvérónse vermellos. Pouco despois apareceu Tisbe e, atopar o corpo do seu amado xunto ao veo, deuse conta do ocorrido. Rota de dor cravouse a espada de Píramo



mentras pedía descansar eternamente xunto ao seu amado e que o froito se volvese negro na súa memoria. Os deuses concedéronlle o derradeiro desexo facendo que os pais da parella incinerasen os corpos e gardasen as cinzas nunha única urna.

Bibliotecas
escolares
de Galicia

14 DE FEBREIRO




DAFNIS CLOE



Esta historia escrita por Longo de Lesbos no s. II d.C. é o relato do descubrimento da sexualidade por parte de dous adolescentes. Dafnis e Cloe foram abandonados sendo bebés e rescatados por dúas familias veciñas de humildes pastores. Os nenos crecen xuntos e van tecendo entre eles unha sólida

amizade ao compartir diariamente as labores de pastoreo. Pero ao chegar á pubertade un sentimento novo nace entre eles, sentimento ao que non poden dar nome por ser algo descoñecido ata ese momento. Pouco a pouco Dafnis e Cloe irán explorando os seus corpos e descubrindo o desexo e o amor.



Bibliotecas
escolares
de Galicia